

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 49

ano 8

novembro-decembro 2013

Os arquivos de empresa (II) HIJOS DE SIMEÓN GARCÍA Y CÍA DE OURENSE


O 2 de Xaneiro de 1917 **Avelino Moure** remitía unha carta aos almacéns **Hijos de Simeón García y Cía** na que lles comunica a súa intención de “baixar” a Ourense a liquidar as contas que tiñan pendentes e, de paso, a realizar algunhas compras para a tenda que rexentaba, quizais tamén taberna como tantas outras do rural galego. O negocio de Avelino na aldea do **Mesón do Reino** (Concello de Piñor) distaba uns 40 quilómetros da capital e surtía aos labregos da contorna dunha serie de produtos (“ferretería, tejidos, ultramarinos” e “últimas novedades”, como reza na cabeceira modernista da carta) que non lles fornecía a súa economía agraria.

Esta carta é unha das moitas do mesmo tipo que se conservan na correspondencia do fondo *Hijos de Simeón García y Cía*. Algunhas revelan como estes **almacenistas** da capital tamén compraban mercadorías a pequenos fabricantes das vilas e aldeas da provincia para distribuír, xa fose ao retallo ou por xunto. Como pode verse na imaxe do dorso, **Maruja Puga**, fabricante de zocos en Xunqueira de Ambía, surtía este calzado a *Hijos de Simeón García*, do que lle remite a tarifa de prezos vixente en xullo de 1919. Cabe supoñer que Maruja, á súa vez, tamén se abastecese de produtos dos almacéns Simeón para a súa tenda de tecidos e paquetería. En definitiva, estas dúas cartas ilustran ben como os almacenistas das cidades desempeñaban o papel de **redistribuidores de mercadorías** procedentes de fóra e de dentro da provincia, tanto a través dos negocios detallistas da capital e das vilas como das tendas do rural.

Algúns destes almacenistas comezaron a investir unha parte dos beneficios obtidos da venda de mercadorías en operacións financeiras: concesión de créditos aos propios clientes detallistas dos almacéns, negociación de letras de cambio... A través desta simbiose entre as funcións comerciais e financeiras entraron na **actividade bancaria**, subministraron liquidez aos negocios das cidades e ás tendas das vilas e aldeas e desenvolveron o mercado financeiro das pequenas cidades e vilas cando aínda non se asentaran nelas as sucursais dos bancos importantes. Dese xeito introduciron mecanismos da **economía de mercado** na Galicia interior,

máis rural e cun maior peso do sector agrario en comparación coas provincias atlánticas.

Simeón García é o caso máis exitoso destes empresarios que se estableceron nas cidades galegas dende mediados do século XIX e representa o paradigma do **comerciante-banqueiro**. A historia da sociedade mercantil que fundou forma parte da historia económica ourensá e o fondo documental que conserva o Arquivo Histórico Provincial de Ourense é un valioso testemuño dunha actividade empresarial fundamental no desenvolvemento económico da provincia durante a segunda metade do século XIX e primeira do XX.



1917, xaneiro, 9. Mesón do Reino, Piñor (Ourense)
Carta de Avelino Moure, comerciante do Mesón do Reino, dirixida á Sociedade Mercantil *Hijos de Simeón García y Cía de Ourense*
Orixinal; escritura humanística; castelán; 210 x 260 mm
AHPOu. *Hijos de Simeón García y Cía*, caixa 14401

Simeón García y Cía, a historia dun éxito comercial e financeiro

Simeón García de la Riva procedía de Cameros, comarca rioxana especializada dente antigo na produción e comercialización de panos. En 1845, con 12 anos, emigrou a Santiago de Compostela para traballar como empregado do almacenista e parente seu Jorge de la Riva, tamén de Cameros. Alí iniciou unha **meteórica traxectoria** empresarial que en dez anos o converteu en socio de de la Riva e en 1866 en propietario da totalidade do negocio. Centrouse na **comercialización de tecidos** que compraba directamente en fábricas de Barcelona e Alcoy e distribuía por xunto entre os almacenistas das cidades e vilas de Galicia. En 1872 constituíu a sociedade **Simeón García y Cía** e cos beneficios do negocio téxtil obtivo liquidez para entrar dende 1877 na **actividade financeira**: comezou a negociar con letras de cambio, a aceptar obrigas de pagamento ou a abrir contas a interese, así como a conceder crédito comercial aos seus clientes.

Galicia foi o punto de partida e principal mercado da compañía, pero como a súa estratexia empresarial consistía na creación de empresas nos dous extremos do proceso de comercialización, tamén investiu naqueles lugares onde estaban radicados os seus provedores téxtiles: primeiro Barcelona e Alcoy e máis tarde Manchester, Londres, a Baiona francesa ... Desde a **casa matriz** de Compostela ampliou a súa carteira de clientes por toda a xeografía galega e baseou a súa estratexia de crecemento na creación de **sucursais** a partir de establecementos xa existentes en diversas vilas e cidades (Vilagarcía, A Coruña, Ferrol, Lugo, Sarria ...). Para isto entraba como socio maioritario nas sociedades propietarias deses establecementos.


En **Ourense** asentouse en 1878 tras absorber os negocios da compañía **Rodríguez Orejas y Cía**, operación coa que adquiriu os almacéns desta empresa e o establecemento da Praza Maior no que se vendían tecidos ao retalho. Ata 1887 non adopta o nome de **Simeón García y Cía de Orense** e ata 1894 non se traslada ao emblemático edificio da rúa do Progreso, levantado xa para albergar o seu boiante negocio. Nel ofertábanse “tejidos de seda, lana, algodón y otros géneros del Reino y Extranjero” por xunto e ao retalho, e dende 1915 tamén “paquetería, quincacalla y demás de lícito comercio”. A posterior ampliación da oferta a calzado, perfumaría e ferraxaría converteuno nun antecedente dos grandes almacéns. En 1922, creouse a **sección financeira** do negocio ourensán sobre a base do aforro dos propios clientes do almacén.

Simeón García faleceu en 1889 pero o negocio, en mans dos seus herdeiros (**Viuda e hijos**, e logo **Hijos de Simeón García**), non deixou de crecer e de abrir sucursais en distintas cidades de España. Case cen anos despois, en 1971, transformouse en sociedade anónima e converteuse nun **holding** de empresas no que as distintas sociedades estaban especializadas en comercio detallista, grandes almacéns, comercio de por xunto de téxtiles, sociedades de carteira ou de investimentos e banca. Sucesivas ampliacións de capital nas décadas

de 1970 e 1980 supuxeron unha nova expansión, pero non puideron evitar que en 1986 suspendese pagos e desaparecese como grupo empresarial familiar.

O fondo documental no AHPOu

Este fondo, ingresado no AHPOu en 1992, abarca o período 1878-1969 e consta de 140 caixas e 1530 libros. Entre a documentación relativa á **actividade comercial** predominan os libros rexistro das máis variadas tipoloxías: de efectos a cobrar, de efectos a negociar, de devolucións, de xiros, de facturas, de letras devoltas, de talóns, de cupóns, de xéneros (tecidos), de contas correntes con bancos, de saída de mercadorías, de obrigas a pagar, de debedores, de clientes, etc.



Carta de empresa de Maruja Puga na que lle remite a *Hijos de Simeón García y Cía* a tarifa de prezos de zocos vixente en xullo de 1959. AHPOu, *Hijos de Simeón García y Cía*, caixa 14532

Entre a documentación xerada pola **actividade bancaria** consérvanse libros de balance xeral, libros maiores, libros de caixa, auxiliares de contas a crédito, rexistros de depósitos, contas de créditos, de letras aceptadas, rexistro de contas correntes con xuros, rexistro de valores, libros de contas correntes con correspondentes de banca, etc. Xunto á contabilidade é moi abundante a **correspondencia**, así como os copiadores de cartas, letras, recibos de contas, facturas, pagos de salarios, cheques, letras de cambio, vales, propaganda, listas de prezos, diarios de vendas ao contado, diarios copiadores de facturas, etc.

En definitiva, este fondo reflicte o desenvolvemento das actividades bancarias e comerciais da empresa e preséntase como imprescindible para o estudo desas actividades na provincia de Ourense durante boa parte dos séculos XIX e XX. Como documentación complementaria hai que mencionar os fondos do grupo Simeón conservados no **Arquivo do Reino de Galicia** e no **Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela**, procedentes das sucursais de Vilagarcía o primeiro, e da Coruña e Santiago o segundo.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA